



**INFORMACIÓN SOBRE PRAZO E MODO DE PRESENTACION DE SOLICITUDES PARA PARTICIPAR NOS PROCESOS SELECTIVOS PARA INCLUIR NAS LISTAXES DE ADMINISTRATIVO/A, VETERINARIO/A E ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A AGRÍCOLA.**

O acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo de data 13 de marzo de 2020 na que se aproban as bases xerais sinala: “A base 5.3 destas bases xerais que rexen os procesos selectivos para incluír nas listaxes de administrativo/a, veterinario/a e enxeñeiro/a técnico/a agrícola, establece que: O prazo de presentación das solicitudes será de 10 días naturais contados dende o seguinte ao da publicación da convocatoria no BOP. A vista da Disposición Adicional 3ª do RD 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria orixinada polo COVID-19, o mencionado prazo de dez días naturais contarase desde que perda vixencia o real decreto 463/2020, de 14 de marzo ou as prórrogas do mesmo.”

O Decreto 90/2020, do de 13 de xuño da Xunta de Galicia, declara a superación da fase III do Plan para a desescalada das medidas extraordinarias adoptadas para facer fronte á pandemia do COVID-19, e determina a entrada na nova normalidade, con efectividade desde as 00.00 horas do día 15 de xuño de 2020, polo que:

*“(…) quedarán sen efecto as medidas derivadas da declaración do estado de alarma adoptadas polo Goberno do Estado e polas súas autoridades competentes delegadas na unidade territorial formada pola Comunidade Autónoma de Galicia.”*

A vista de todo o sinalado e das bases da convocatoria; co obxecto de **ACLARAR AS POSIBLES DÚBIDAS** respecto aos **PRAZOS E FORMA** de presentación de solicitudes **INFORMO:**

**1.- PRAZO DE PRESENTACIÓN**

**O prazo de presentación de solicitudes comezou as 00.00 do día 15 de xuño e remata as 24 horas do día 25 de xuño deste ano.**

**2.- LUGAR ( BASE 5.2)**

a) Presentación sede electrónica.

Acceso a través da sede electrónica no Catálogo de servizos – Recursos Humanos, onde figura o modelo oficial de solicitude


b) Presentación Rexistro Xeral.

**3.- DOCUMENTACIÓN QUE DEBE ACOMPAÑAR A SOLICITUDE:**

Xunto co modelo de solicitude, os/as aspirantes deberán presentar os documentos auténticos, validados o compulsados que acrediten:

a) A **titulación académica oficial esixida** na base específica 4.

Código Seguro de Verificación	IV67QYJ2PZW4R3OJAFESGXSHMU	Fecha y Hora	16/06/2020 11:42:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV67QYJ2PZW4R3OJAFESGXSHMU">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV67QYJ2PZW4R3OJAFESGXSHMU</a>	Página	1/2





- b) O DNI, pasaporte, tarxeta de residencia, así como calquera outro **documento acreditativo de nacionalidade** co alcance do establecido no artigo 57 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do estatuto básico do empregado público.
- c) O **nivel de galego esixido** na base específica 5.
- d) O **documento acreditativo do pago da taxa de participación** en procedementos selectivos - Base Xeral 5.6. No suposto de pagar taxa reducida deberá achegar as acreditacións da condición de persoa desempregada xunto coa de non percibir prestación de desemprego na súa modalidade contributiva.
- e) **Certificado de discapacidade** no suposto de solicitar adaptación de probas ou participar en listaxe de emprego reservados a persoas con discapacidade.

#### **4.- RELACION DE MÉRITOS:**

Así mesmo, os/as aspirantes deberán **PRESENTAR CUBERTA A RELACION DE MERITOS** . Os méritos que relacionen nesta solicitude de participación, serán os tidos en conta no caso de superar a fase de oposición.

#### **PRESENTACIÓN ACREDITACIÓN MÉRITOS (BASE 8.2.1)**

**Non se presentan coa solicitude, se aportaran rematada a fase de oposición.**

Para calquera aclaración pode chamar a Sección de Selección no teléfono 982 260 198.

A DEPUTADA DELEGADA DA ÁREA DE RÉXIME INTERIOR, PROMOCIÓN DO TERRITORIO E TURISMO.

Código Seguro de Verificación	IV67QYJ2PZW4R3OJAFESGXSHMU	Fecha y Hora	16/06/2020 11:42:27	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica			
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO			
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV67QYJ2PZW4R3OJAFESGXSHMU">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV67QYJ2PZW4R3OJAFESGXSHMU</a>	Página	2/2	